

A Nosa Señora do Faro

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO*

Sumario

Ao Santuario da Nosa Señora do Faro (Santiago de Requeixo, Chantada, Lugo) acoden devotos das provincias de Lugo e Pontevedra na procura da advocación mariana. Prometen: misas; contacto coa Virxe; procesión; subir a costa da a pé, descalzos, ou de xeonllos; candeas, velóns; figuras de cera, esmola en metálico. Ao rematar os oficios relixioso celébrase a festa profana preto do recinto sagrado.

Abstract

The Sanctuary of Our Lady of Faro (Santiago de Requeixo, Chantada, Lugo) attracts devotees from the provinces of Lugo and Pontevedra to procure the help of the Virgin Mary. They promise: masses; prayers to the Virgin Mary; religious processions; to go up the hill on foot, barefoot, or on their knees; candles, wax figures, cash offerings. At the end of the religious celebrations, a pagan festival takes place near the church grounds.

I. TRAZOS XEOGRÁFICOS

Tres unidades morfolóxicas caracterizan o relevo da comarca de Chantada. Ocupando a zona Oeste están as serras do Faro e o Farelo, que forman parte da Dorsal Meridiana, coa su dobre vertente directamente ó Atlántico ou ó río Miño. A serra do Faro acada un nivel de cumios, moi suavizados pola erosión, que sobrepasan os 1000 metros, como son os casos de O Marco (1036 m.), o Penas Grandes (1106 m.) e o pico de maior altura, O Faro (1187 m.). A serra formouse sobre un bloque de granito e esquistos, cortado por fallas e modelado pola erosión fluvial. Constitue unha importante barreira para a penetración dos ventos húmidos. Non embargantes, na serra os ventos son fríos e a neve cae en moitas ocasións, o que da lugar a que xurda unha paisaxe, na que os arbustos, o matorral e o monte raso son os trazos máis sinificativos. A ocupación humana é moi baixa, con núcleos rurais de pequeno tamaño e dispersos. Pola contra, as súas ladeiras son suaves e, aínda que na parte máis elevada o aproveitamento humano é mínimo, nas zonas de contacto orixínase unha paisaxe rural propia do interior galego onde alternan pequenas aldeas de edificación concentrada, zonas de cultivo, prados e zonas forestais de frondosas e piñeiros. Indudablemente, estes espazos posúen unha baixa densidade de poboación.

A devandita serra ten un aproveitamento forestal e cinexético, malia o seu potencial turístico. Tamén, a construción de parques eólicos nestes cumios vai xerar un novo referente perceptivo.

II. EMPRAZAMENTO E ORIXES

No cume do Faro, érguese a capela da Nosa Señora, situada a uns 1177 metros sobre o nivel do mar. O recinto sagrado pertence á parroquia de Requeixo, arciprestado de Navego, na diócese de Lugo e, en canto á administración civil, ó concello lucense de Chantada.

Dende a capela é posible disfrutar dunha impresionante panorámica, que abrangue ás montañas dos Ancares e o Courel na provincia de Lugo, as do Farelo e o Pico Sacro na de A Coruña e as de A Manzaneda na de Ourense.

* **José Manuel Blanco Prado** é doutor en Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. Publicou os libros: *Romaxes da Terra Chá*; *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, e tamén, *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. É coautor das obras: *Cruces e Cruceiros do concello de Begonte*; *Begonte: Pasado e Presente*, e *Tempos de Festa en Galicia*. É autor de numerosos traballos de antropoloxía cultural, etnografía e historia en revistas especializadas.

Tendo en conta que nese lugar apareceron medorras, moedas romanas e petrogrifos, é moi posible que o santuario fose construído para cristianizar anteriores ritos paganos. Tamén, se dí que a devoción a introduciron os eremitas ou, logo, os cistercienses de Oseira (Ourense), moi proiectados á veneración mariana..

Asi mesmo, aínda que apareceron restos de construcións, non podemos coñecer como eran as antigas capelas, mais, segundo a tradición, parece ser que o antigo santuario estivo ó carón da fonte.

Agora ben, o que si sabemos é que no século XIII xa había no Faro unha profunda devoción mariana. As cinco cantigas de amigo do xograr Xoán de Requeixo, que se conservan no Cancioneiro da Biblioteca Vaticana e no Colocci Brancuti, reflicten este feito.

CANTIGAS DE AMIGO (Xohán de Requeixo, séc. XIII)

I

Fun eu, madre, en romaría
ao Faro co meu amigo
e veño del namorada
por canto falou comigo,
que me xurou que morría
por mín, tan ben me quería!

Si se él lembrar quixer
como fiquéi namorada
e se cedo viñer
e ao vir eu, ben tallada,
e direille eu entón
a coita do meu corazón.

Leda veño da ermida
e desta vez leda seréi,
que falei co meu amigo,
que me xurou que morría
por min, tan ben me quería!

III
Pois vós, filla, queredes mui gran ben
voso fillo, mándovolo ir ver
pero facede por min unha ren
que haxa sempre que vos agradecer:
non vos entendan, por ren que sexa,
que vos eu mando ir onde vos vexa.

De ónde eu vin co meu amigo
vin leda, se Deus dá perdón,
que nunca lle cuido ha mentir,
por canto él me dixo entón,
que me xurou que morría
por mín, tan ben me quería!

Mándovos eu ir ao Faro un día,
filla fremosa, facer oración,
onde fale convosco como solía,
o voso amigo e, se Deus vos perdón,
que vos entendan, por ren que sexa,
que vos eu mando ir onde vos vexa.

II

Ao Faro un día iréi,
miña nai, se vos prouguer,
rogar se veréi
meu amigo que me ben quer,
e diréille eu entón
a coita do meu corazón.

E pois lle vos gran ben queredes,
diréivos, filla, como fagades:
réi convosco e velo edes,
mais por canto vós comigo andades,
nos vos entendan, por ren que sexa,
que vos eu mando ir onde vos vexa.

Moito per desexo eu
que viñese meu amigo
que estas penas me deu
e que falase comigo,
e diréille eu entón
a coita do meu corazón.

IV

Atender quero o mandado,
que me enviou meu amigo,
que virá en romaría
ao Faro e verse ha comigo.

e por en teño eu que veña;
 como quer que outrén teña,
 non temo eu del que non veña.

Atendelo quero eu, madre,
 pois me enviou seu mandado
 que me dixo o mandadeiro
 que é por min moi cuitado,
 e por en teño eu que veña;
 como quer que outrén teña,
 non temo eu del que no veña.

Atendelo quero eu, madre,
 pois me el mandado envía
 que se vería ver comigo
 no Faro, en Santa María,
 e por en teño eu que veña;
 como quer que outrén teña,
 non temo eu del non veña.

Que el logo a min non veña
 non teño eu por ren que sexa,
 nin que moito vivir poda
 en lugar onde non me vexa,
 e por en teño eu que veña;

como quer que outrén teña,
 non temo eu del que non veña.

V
 Amiga, quen hoxe houbese
 mandado do meu amigo!
 e lle ben dicir pudiese
 viñese falar comigo
 alí onde sempre quería
 falar comigo e non podía.

Se de min houber mandado
 non sei ren que o detenía,
 amiga, polo seu grado,
 que el mui cedo non veña
 alí onde sempre quería
 falar comigo e non podía.

Onde foi comigo outra vegada
 atendelo hei, belida,
 fremosa e ben tallada
 no Faro, e na ermida,
 alí onde sempre quería
 falar comigo e non podía.

O de Requeixo é un devoto de sempre, como o é a súa amada, a quen a súa nai lle manda subir á romaría do Faro, a realizar oracións e a ver ó voso amado.

Por outra banda, a capela actual, segundo D. Vicente Fabián Nogueira –rector do santuario no último tercio do XVIII e primeiros do XIX- foi produto dun contrato que levou a cabo, no ano 1632, Alfonso Vázquez, mestre de cantería e veciño de Oseira, con D. Xerómeno de Ulloa, párroco de Santa María de Nogueira. O contrato reflectía, entre outros aspectos, que a capela debía medir catorce tercias de longo e doce de ancho, cunha bóveda de canón.

O recinto sagrado, do século XVIII, é unha construción sinxela, que presenta sólidos muros con sillares de granito. Posúe unha planta de cruz latina cunha cuberta de madeira a dúas augas. Non ten nin torre, nin espadana. Presenta unha nave, dividida en tres tramos por catro piastras, que está sostida por unha bouta de canon reforzada por arcos fajóns e que amosa unha porta ó exterior. Na parte dianteira da nave, hai unhas capelas laterais, con bóveda de canón e, ademais, con arcos torais de medio punto.

O santuario carece de valor artístico algún, agás a fachada cun frontón recto e cunhas piastras decoradas con placas, e o retábulo neoclásico do altar maior, de tres hornacinas, construído polo entallador D. Tomás Figueroa Rodríguez, veciño de Santa María de Sabadelle.

Nesta capela gárdase unha das dúas tallas marianas que se veneran no Faro. A que está todo o ano recibe o nome de «a nai» e a «vella». Trátase dunha talla de madeira de

medio corpo, do século XVIII. Mostra (unha) armonía de formas, e os seus brazos xiran sobre uns goznes que se abren e pechan para que se poida realizar o cambio das vestiduras. Está provista dunha perruca, dunha coroa de prata e doutras xoias; ademais, os seus ollos son de cristal.

Pola contra, a segunda representación mariana, chamada «a filla», «a nova» e «a da oitava», gárdase na igrexa de Requeixo todo o ano, agás o día 8 de setembro, que recibe a veneración dos romeiros que acoden ó Faro. É unha talla de madeira policromada, do século XVII, realizada en estilo barroco, aínda que con certos trazos góticos. Nunha actitude orante, amosa unha longa melena e os seus pés apoianse nunha peana de nubes con tres cabezas de querubíns alados: dúas inclinadas ós lados e outra no centro, vertical. Viste unha túnica longa, que se ciñe á gorxa e a cintura; e vai cuberta cunha capa, que se separa lateralmente do corpo. Sobre a súa cabeza, mostra unha coroa de tipo ducal con remate en cruz.

Non embargantes, o santuario non sempre estivo emprazado no cumo do Faro. Sabemos, por Fabián Nogueira –rector do santuario dende o último tercio do século XVIII ata principios do XIX- que as liortas e roubos que se producían no Faro deron lugar a que no ano 1747 o bispo Ferrer e, logo, D. Francisco Izquierdo prohibisen a celebración da romaría neste lugar, sendo trasladada tanto a celebración como a festa profana á igrexa de Requeixo có conseguinte perxuicio que esta medida ocasionaba. Non embargantes, como un deses anos morrese un devoto ó caer do campanario da igrexa parroquial, o prelado lucense D. Sáenz de Buruaga dispuso que a romaría se celebrase de novo no «Faro».

Por outra banda, nestas datas –dun xeito preferente, séculos XVIII e XIX-, houbo unha confraría adicada á Virxen do Faro, que se compoñía dun rector, cargo que sempre recaía no párroco; dun mordomo, encargado das contas que tiña que pagar a asociación pola celebración de misas e enterros de confrades, así como recadar «as tarxas» ou cotas que debían pagar anualmente tódolos confrades; tamén, había un fiscal que tiña como misión vixiar aos confrades respecto ó cumprimento das súas obrigacións.

III. LENDAS SOBRE O SANTUARIO

Este recinto sagrado posúe unha serie de narracións que tentan explicar dende unha perspectiva popular as orixes da capela; os problemas que houbo respecto á súa propiedade; o xurdimento da fonte; algunhas manifestacións sobre a Virxe; e o sentido sacral do lugar.

Lendas sobre a orixe da capela

Coméntase que preto do Oseira (Ourense), no monte Alledo, vivían tres irmáns virxes. Un bo día, unha delas, cansada de soportar as discusións e rifas das súas veciñas, decidiu retirarse a un lugar onde puidese ter tranquilidade. Ó mesmo tempo animou as súas irmáns para que fixesen outro tanto. E deste xeito, cada unha delas marchou ó cumo dunha montaña: unha á Pena de Francia; a outra á Madalena, e a terceira, que foi a que tivera a iniciativa de marchar ó Monte Faro. E nestes sitios, cada unha delas ten hoxe cadanseu santuario.

Dícese que a imaxe da Virxe estivo oculta bastante tempo debido á invasión musulmana. Un día, uns pastores viron unhas luminarias no cumo do monte. Desplazáronse ata o lugar e, logo de cavar onde brillaba a luz, atoparon unha imaxe da Virxen.

Este tipo de lendas que teñen como denominador común «os sinais extraordinarios» nun lugar e «os pastores tendo conta dos seus rabaños, foron o fundamento ou base de



Vista exterior do Santuario da Nosa Sra. do Faro.



Panel ilustrativo sobre o Santuario.



Devotos colocando candeas acesas no interior dun cobertizo de aluminio.



Unha das imaxes marianas do Faro con ofrenda de diñeiro aos seus pés.



Devotos pasando baixo as andas da Virxe.

numerosas historias que tentaban dar sentido ó emprazamento dun santuario, as máis das veces mariano.

Tamén, se menciona, que no lugar de A Matanza, da parroquia de Furxo, o monarca Alfonso o Casto, derrotou a un exército mouro, gracias a proteución da advocación mariana do Faro. Agradecido por este feito, o rei cristián construíulle unha capela preto do lugar onde se levou a cabo a loita.

Non embargantes esta lenda carece dun mínimo rigor histórico.

Lendas sobre o réxime de propiedade do santuario

Dícese que os monxes de Oseira (Ourense) adquiriron certos dereitos sobre a imaxe da Virxen ó percibir certas rendas na parroquia de Requeixo (Chantada). Por tal motivo, ben para que o mosteiro adquirise máis prestixio, ou ben para que a imaxe non caese no abandono total, decidiron trasladala ó mosteiro ourensán aproveitando a noite. Non embargantes, cando a xugada de bois e o carro que transportaba a imaxe da Virxe, chegou ó lugar coñecido como «O Pedrón», parou de súbito, e por moito que tentaron os seus acompañantes para que continuase, non o deron conseguido. Ademais, nese preciso momento comezaron a repinicar as campás da igrexa de Requeixo, avisando ó vecindario da intromisión allea e impedindo, deste xeito, o traslado.

Tamén, se comenta que un grupo de veciños da parroquia pontevedresa de Camba forzaron, á noite, as portas da capela, cargando a imaxe da Virxe nun asno. Ó chegaren ó cerro do Mirante o animal detívose sen razón aparente algunha, non podendo movelo os seus portadores. Nese intre, as campás da igrexa de Requeixo empezaron a soar, alertando ós veciños, que subiron á capela, comprobando como o lugar que ocupaba a Virxe estaba baleiro. Rapidamente comezaron a buscala, atopandoa nun toxal de cara a Rodeiro (Pontevedra).

Lenda sobre o xurdimento da fonte

Menciónase que a Virxe do Faro ía a visitar a miúdo as súas irmáns, que vivían noutras cumes. Un bo día, ó regresar dunha destas visitas, o asno que montaba morría de sede, polo que a Virxe golpeou unha roca cunha vara que levaba, brotando de súpeto un manantial.

Lenda sobre manifestacións da advocación mariana.

No monte Faro encóntranse unhas penas nas que hai gravadas unhas formas de estrano significado. Nunha delas aprecianse uns ocos que semellan dous pés labrados sobre a roca. A imaxinación popular veu unha correspondencia entre os ocos e as pegadas deixadas pola Virxen ó seu paso polo monte.

Tamén, na parroquia de Nogueira (Chantada), nos lugares de a Pena da Virxen e a Burata da Virxen, hai signos gravados na pedra que son interpretados como pasos da Virxe.

Ós gravados nas rochas ou penedos, deuseselles a miúdo, desde unha perspectiva popular, un carácter sacro ó ser concebidos como manifestacións da divindade.

Lendas que dan un sentido sacro ó lugar.

Faise alusión a que un rei que tiña a súa corte na cidade de Ourense, preocupado polo saqueo musulmán, saíu dos seus dominios coas súas alfaias, ocultándoas nos montes do Faro. Unha noite, algúns individuos tentaron encontrar o tesouro, do que únicamente tiña constancia a Virxen. Non embargantes, postos á tarefa non puideron rematala, xa que se levantou unha bretema que os foi alonxando do lugar, impedíndolles volver.




Celebración dunha das misas do Santuario nun cobertizo granítico situado preto da ermida.

Devotas con candeas e figuras de cera.



Devotos pasando os seus panos pola imaxe mariana.



Devotos subindo de xeonllos «a costa da Virxe».



Tamén, os veciños da parroquia creen que os gandos que se encontran no adro da capela e nos seus arredores non sufren ningún dano dos lobos nin doutros animais salvaxes.

Comentase que os mouros construíron unha capela adicada a San Antón no Coto Mirante. O santo tiña a cabeza de ouro e rouboulla un portugués cobizoso. No intre actual, a capela non existe ben porque desapareceu, ben porque foi deteriorándose paseniño.

Lenda sobre o fin do mundo.

Nun tempo vindeiro haberá a última confrontación deste mundo. Só participarán mulleres e nenos, debido a que xa os homes deixaron de existir. Usarán as armas que utilizaron os mouros nunha gran loita, que tiveron neste lugar, e que se encontran soterradas.

A lenda está ligada, segundo Vitor Vaqueiro, a un grupo de tradicións, coñecidas en Centroeuropa e Inglaterra, que fan alusión a última batalla.

IV. DEVOCIÓN POPULAR

No santuario do Faro celébranse dúas festividade: a da Asunción de María, o 15 de agosto, chamada popularmente a do «Faro pequeno»; e a festividade da Natividade, o 8 de setembro, que recibe o nome de «a grande». Esta última é a máis importante e á que máis romeiros acoden.

Na festividade do «Faro pequeno» non sube «a imaxe da filla» dende a igrexa parroquial de Requeixo. Non embargantes, este feito non supón un obstáculo para que de ano en ano a afluencia de devotos se vaia incrementado. Nesta data acoden, dun xeito preferente, aqueles fieis oriundos das comarcas cercanas, que están pasando as súas vacacións no devandito mes. Ó chegaren ó santuario cumpren cos mesmos rituais e ofrendas que o 8 de setembro van realizar os máis de sete mil devotos que veñen ó Faro por venerar á Virxe.

Na data de setembro, a maioría dos romeiros acoden en coches privados e públicos. De tódolos xeitos, aínda hai un bo número que veñen andando dende a vila de Chantada e dende as terras de Camba. As dúas vías máis utilizadas, no intre actual, son: a que sae da igrexa parroquial de Requeixo, pola que ascenden os devotos procedentes da zona chantadina; e a que ven do val de Camba, usada polos romeiros que veñen de Lalín, comarcas do Deza e Trasdeza, de Oseira.

Denantes de acceder á capela, bastantes devotos soben pola senda coñecida como «camiño da Virxe», de pé, calzados ou descalzos, e de xeonllos. Hai poucos anos, que se colocou nesta senda un «Vía crucis», quizais para darlle un sentido máis penitencial. Námbolos dous flancos da mesma, hai mendigos que tentan obter unha esmola dos fieis conmovidos polo suas penas. Ademais, neste camiño duns dous metros e medio de ancho non hai ningún toxo, nin crece maeza, só unha herba fina e suave. Segundo a tradición, isto é debido a que por esta vía subiu a Virxe ó Faro, e dende aquel momento liberouna de toda aspereza.

V. PEDIMENTOS, RITUAIS E OFRENDAS

Consonte é habitual, os devotos acoden ó recinto sagrado para pregarlle á Virxe a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Os pedimentos máis usuais adoitan ser por doenzas humanas de diferente índole e problemas de carácter familiar e social. Non obstante, tamén hai peticións de carácter precautorio non só de doenzas humanas senón tamén respecto a facenda familiar. Ademais, tamén, acoden mulleres para acadar partos felices. Antano, invocábase á Virxe, segundo Rielo Carballo,



Devota toca cun pano o vestido da Virxe.



Velóns e candeas da mesma altura que a do ofrendante acesas no interior do Santuario.



Postos de exvotos de cera.

Devota pasa o pano co que tocou a imaxe da Virxe pola cara da súa filla cunha finalidade profiláctica.



Devotos subindo de xeonllos «a costa da Virxe».

Posto de venda de exvotos de cera e de diferentes obxectos relixiosos. Depende do santuario.



como remedio ou protección en tercianas e cuartanas, e para librar de feitizos e medios diabólicos.

Para levar a bo termo estas peticións, os fieis adoitan participar en diversos rituais e ofrendas. Respecto ós rituais, logo de que un apreciable número de romeiros acude andando ou en coche dende o seu lugar de orixe, e sube «a costa da Virxe» ata a capela, é o momento no que oen unha das misas oficiadas dende primeiras horas da mañá ata a primeira hora da tarde, na que varios cregos de freguesías limítrofes concelebran unha misa cantada ¹. Na actualidade, as misas máis concurridas oficianse no exterior, sempre que as condicións climáticas sexas propicias. Nese caso colócase a imaxe da Virxe nun cobertizo de pedra, no interior do cal situanse os cregos concelebrantes.

Os romeiros, tamén, adoitan dar unha ou máis voltas ó redor da capela ben de pé, calzados ou descalzos, ben de xeonllos. Este ritual de circunvalación, tamén, se realiza ó redor de calquera das dúas representacións marianas que hai no santuario, ou dámbalas dúas ².

Abondos devotos tocan coas súas mans e panos as representacións da peana da Virxe e o seu manto. Logo, pásanos por aquelas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa.

Un dos rituais máis significativos deste santuario é a procesión, que reviste tres niveis:

O primeiro nivel refírese ao traslado da imaxe, chamada «a filla», «a nova» ou «a oitava», dende a igrexa parroquial de Requeixo ó santuario, distante uns cinco km. A disposición dos elementos que interveñen no ritual é o seguinte: a cruz parroquial e o pendón, levados por fregueses da parroquia; un farol coa luz acesa e un esquilón, que advirten aos fregueses da comitiva, que garden unha compostura axeitada; logo, a imaxe da Virxe, levadas nas andas por catro homes da comunidade coas súas varas de apoio; finalmente, o párroco e fregueses acompañantes. Hai varios anos que a imaxe da Virxe é levada á capela nun tractor da parroquia moi ataviado con motivos florais. Algúns destes fregueses quedan a dormir no Faro nalguns dos cobertizos existentes, ou en tendas de campaña, acompañando a outros mozos da vila chantadina, que se encontran alí coa finalidade de asistiren ó evento do día seguinte.

Logo da misa cantada, sae a procesión que percorre o adro e as súas inmediacións. A disposición dos seus elementos é como sigue: abrindo a comitiva vai a cruz, o pendón, e dous estandartes da Virxe, levados por fregueses da comunidade parroquial; logo, a imaxe da Virxe levada nas andas por catro devotos da Virxen; a continuación, os cregos concelebrantes; e, como remate, unha banda de música e romeiros en xeral.. No manto da Virxe van pendurados billetes de 10, 20 e 50 euros, ata chegaren a un total aproximado de 800 euros.

Non embargantes, esta disposición é máis teórica que real, debido a que bastantes ofrecidos proietan toda a súa emotividade neste ritual, e polo tanto resulta difícil manter

¹ A misa cantada é concelebrada as 12, 30 da tarde. Denantes diferentes cregos de Lugo capital e de parroquias limítrofes ofician misas as 8,30; 9,30; 10,30 e 11,30. Logo da misa solemne das 12, 30 celebranse outras tres as 4,30; 5,30 e 6,30 da tarde. O día nove oficianse dúas misas: a unha e as cinco da tarde. Ao rematar esta última misa lévase a cabo a «baixada da Virxe» en procesión ata igrexa parroquial de Requeixo.

² A representación mariana denominada «A Filla» está situada ao carón do cobertizo de pedra, onde se celebran as misas. A outra representación, de nome «a Nai ou a vella» está colocada no interior do santuario –na súa marxe esquerda. Sobre ámbas as dúas representacións os devotos realizan rituais de circunvalación e de paso por baixo das andas.

unha orde. Isto reflíctese nas continuas «remudas» das andas por parte dos devotos no transcurso da procesión³.

O día nove, á mañá, baixase en procesión a imaxe da «filla» ata a igrexa parroquial coa mesma disposición que na subida á capela. Hai anos, saían a recibir á Virxe as imaxes de S. Xoaquín e Santa Ana.

Nas procesións respectivas os acompañantes van cantando «Os Gozos a nosa Señora do Faro», compostos por Vicente Fabián Nogueira a principios do último tercio do século XVIII.

Por outra banda, os devotos, denantes de chegaren ó recinto sagrado, realizaban e seguen realizando unha serie de rituais ligados con algunhas fontes que hai no camiño de subida. A primeira é a «Fonte dos meniños», na que hai anos se lavaban os nenos pequenos cando estaban febles ou perdían o apetito. Ademais, as súas nais adoitaban introducilos doentes na fonte, portando unha candeia acesa; se non se apagaba, a curación estaba asegurada. Logo, os romeiros encontran a «fonte das ortigas», indicada para os problemas do ventre. Tamén é coñecida popularmente como «a fonte de Sanabarrigas». Finalmente, chegamos á «fonte da Virxe». De pedra granítica, foi restaurada no ano 1718, aínda que segundo outros foi no ano 1778. Hai uns anos coronouse o frontal baixo cunha escultura pétreo da Virxe. Nesta fonte os devotos lavan as súas mans e enchen botellas de auga para sandar a persoas e animais doentes. Ás veces, hai romeiros que lavan as súas doenzas na propia fonte.

Así mesmo, como compensación polos favores recibidos, ou como ofrenda propiciatoria, os romeiros realizan as seguintes ofrendas:

Algúns devotos acceden ó recinto sagrado vestidos cunha mortalla de cor branco, azul, ou negro, como testemuña de agradecemento á Virxe pola solución dun problema grave.

Achegan candeas da mesma altura que o ofrendante, e «velóns» (candeas pequenas), que colocan acesas en varios lugares: no interior dun alpendre, feito de aluminio, situado a carón da representación mariana emprazada no exterior da capela; na marxe inferior esquerda da capela e ao carón da outra representación mariana; tamen por riba do altar maior da capela colocan «velons» acesos no seu lado dereito.

Aportan esmola en metálico nas boetas que hai na capela, e no transcurso das misas.

Entregan estipendios en misas⁴.

Traen corpos humanos de cera, e partes dos mesmos: pernas, brazos, peitos, cabezas, pés... que adoitan colocar nos mesmos lugares que as candeas.

Antano, traían abondosa ofrenda en especie, a base de centeo, liño, lá, cordeiros, polos e outras dádivas, que foi diminuindo ó longo dos anos ata ficar, no intre actual, nunha pequena pervivencia⁵. De tódolos xeitos, hai a crenza de que a mestura do grao ofrecido á Virxe con semente común é moi beneficiosa para obter boas colleitas.

Esta ofrenda en especie empregouse no século XVIII, segundo Fabián Nogueira, para rematar as obras da capela e para os sufraxios das benditas ánimas.

³ A remuda das andas lévase a cabo cando os porteadores das mesmas cedenllas a outros e así sucesivamente. É un ritual característico dalgúns santuarios das Terras de Lemos, como o da Virxe das Augas Santas (Pantón); o da Virxe de Cadeiras (Pinol) (Sober). Tamén nalgúns outros de Chantada como o da Virxe da Saúde (Lincora)...

⁴ Sabemos que no ano 2000 os devotos ofreceron unhas 300 misas. No ano 2011, é moi probable que se chegue ás 250. O prezo de cada misa é de 10 Euros.

⁵ No ano 2011 unha devota de Oseira (Ourense) trouxo un saqueto de trigo de 17 kilos.

Ó rematar os oficios relixiosos hai fieis que se acercan ó «Rego das Pipas», onde están situados os postos de polvo, as rosquilleiras e outros postos ambulantes, que tanto venden diferentes lambetadas como xoguetes para disfrute dos asistentes. Na actualidade, os medios de locomoción e os novos xeitos de divertimento están rematando cós típicos xantares campestres e, tamén, cos bailes propios das romarías de hai anos.

VI. CANTIGAS SOBRE O FARO

Ademais de Xoán de Requeixo, que compuxo cinco trovas sobre a «Romaría do Faro», que xa vimos con anterioridade, no século XVIII, o crego D. Vicente Fabián Nogueira, compuxo «Os Gozos a Nosa Señora do Faro»

OS GOZOS A NOSA SRA. DO FARO

*Pues sois tan Milagrosa ,
Madre de todos querida,
Valednos en Muerte y Vida*
Virgen del Faro gloriosa. (Estríb.)

Quando del Moro insolente
el furor nos oprimía,
de refugio nos servía
del Faro el Monte eminente:
Vuestra Protección piadosa
del Bárbaro era temida.
Entre la bronca maleza,
y entre peñascos fundada,
fue vuestra Hermita Sagrada
nuestra firme Fortaleza:
la Cristiandad defendida.
La tradición por vestigios
que hicisteis aquí segura
personalmente prodigios:
Sea no no, por prodigiosa
sin duda sois conocida.

Tres días Gente infinita,
aunque el desierto es distante,
va en el año con fe amante
a veros a vuestra Hermita:
Va en Procesión numerosa
vuestra Imagen conducida:

De las Victorias que alcanza
con vuestro amparo Galicia
contra los moros, noticia
da el lugar de la Matanza:

de las Doncellas la honrosa
libertad fue allí adquirida:

Siglo y medio hay y aún más antes,
que dio a vuestra Cofradía
un Papa la Regalía
de Indulgencias abundantes:
Su antigüedad tan famosa
es, que su origen se olvida:

A Vos no pocos Devotos,
ya distantes, ya inmediatos
ofrecen en sus Legatos
Misas, Limosnas y Votos:
La Devoción fervorosa
siempre clama a Vos rendida:

Rico por vuestro decoro
al Faro nombra la fama,
con razón rico se llama,
pues tiene en Vos tal tesoro:
Sois de Dios la más preciosa
Joya, y la más escogida:

Débenle al Faro las Gentes
vecinas útil abasto
de Abono, de Leña, Pasto
y riego en perennes Fuentes:
De Caza brava hay copiosa
diferencia divertida:

Mas esto todo, adorable
Reyna a Vos principalmente

se os debe, porque sois Fuente
de Piedad inagotable.
No hay suerte alguna dichosa,
si de Vos no es procedida:

Del Faro la Torre ha sido
maravilla celebrada,
mas Vos la habéis elevada
en nuestro Faro excedido:

Del mar del mundo la hermosa
Estrella sois más lucida:

Den, pues, a Vuestros Sagrados
Pies los Cultos más rendidos
en el Faro agradecidos,
Angeles y hombres postrados:
Vuestra alabanza obsequiosa
sea en todo el Orbe oída.

No século pasado, o crego D. Avelino Gómez Ledo, publicou unha obra titulada «Cancioeiro da Nosa Sra. do Faro», ó que pertencen os seguintes cantares.

CANTARES

Nosa Señora do Faro
cando rube de Requeixo
ao lombo dos seus devotos
parece un lindo luceiro.

A Virxe do Faro é moza
de tan rara fermosura
que cantos a miran
quedan namorados de loucura

Non sei que ten nos seus ollos
Nosa Señora do Faro,
como o sol é cando brila,
¡ non hai quen poida miralo!

Nosa Señora do Faro
no cumio do monte ergueita

é faro que alumea e guía,
ao porto do ceo nos leva.

As friaxes do mundo matan;
un forno de amor aceso
arde no cumio do Faro,
¡ imos aló para quencernos!

Irmáus da terra galega,
non queiramos outra raíña
que aquela que está no Faro
e nos olla noite e día.

Quero deixarche, Señora,
pindurada do teu manto
unha oferta pequeniña,
¡ meu corazón latexando!

A finais da década dos setenta do século pasado, o poeta chantadino D. Xosé Lois García, adicou unha balada á Xohán de Requeixo no seu libro «Do Faro ó Miño». Comeza cos seguintes versos:

BALADA A XOHAN DE REQUEIXO

Erguereime moi cedo e, dendes Merlán,
irei cantar o teu canto, meu señor.
Chegaréi ó Faro no mencer da mañán
recendendo a carqueixa e toxo en fror.
Hei de rubir, meu amigo,
ó Faro cantar contigo.

Rubirei con labregos en romaxe
ó cume do Faro, ¡ ouh camaradas
na fame, nas cadeas e no ladrase,
sementadores de xusticia ¡alboradas!
Hei de rubir, meu amigo,
ó Faro cantar contigo.

Louvarei os versos de Codas e Chariño,
con palabras labregas e do mar
que teñen a dozura do Pai Miño
i a gracia namorada dun cantar.
Hei de rubir, meu amigo,
ó Faro cantar contigo.

Pasarei por Requeixo e por Fontenla,
Vila do Monte, Sillán e máis Pereiro,
tecido o meu amor con voz sinxela,
namorado como as rosas do carreiro.
Hei de rubir, meu amigo,
ó Faro cantar contigo.

Finalmente, como acaece noutras romarías, o pobo anónimo sempre foi o que reflectiu dun xeito máis profundo os sentimentos e vivencias que emanan destes lugares de devoción que foron e seguen sendo algo cotía na dinámica da persoa. As cantigas populares ofrecen unha gran diversidade de contidos, que abranguen desde cuestións relacionadas có medio xeográfico do lugar, ata os aspectos devocionais e profanos da festa, e mesmo ós asuntos picarescos que poidan emerxer nela.

A continuación, reseñamos unha mostra destes cantares, que cada vez vai sendo máis difícil poder oílos aos portadores da tradición popular:

CANCIONEIRO POPULAR

1
Dende o Faro a Oseira
hai unha larga carreira;
hei de buscar unha moza
que teña boa merenda.

2
Hei de ir á Virxe do Faro,
hei de levarlle unha vela;
iban a roubar á Virxe
e tornaron na Trapela.

3
Nosa Señora do Faro,
baixade ao Rego da Ortiga
que xa me doen os ollos
de mirar tanto para arriba.

4
Nosa Señora do Faro,
déame o que ten na mau;
déame un mozo ben feito
que faga temblar o chau.

5
Nosa Señora do Faro,
baixa ao Campo das Pipas
para ver a tantos romeiros
chegando á Rega da Ortiga .

6
Nosa Señora do Faro,
baixe abaixo unha miguiña,
veña ver a súa festa,
que ten no Campo das Pipas.

7

Nosa Señora do Faro
iba de Pena Maior,
mirou para o vale de Camba
e dixo: ¡ gracias a Dios!

8

Nosa Señora do Faro
está sentada na porta
mirando para os de Requeixo
como lle ruben a costa.

9

Nosa Señora do Faro
moi abogosa debe ser,
por onde ela pasa
non hai mal sin toller.

10

Nosa Señora do Faro
moi alta se foi pór,
dalle o aire, dalle o vento,
dalle o sol todo ao redor.

11

Nosa Señora do Faro,
a ónde ela se foi poñer,
ao val dos de Requeixo,
onda lle dan de comer.

12

Nosa Señora do Faro
rodeada de carqueixas,
rodeádeme de fortuna
que eu a rodearéi de ameixas.

13

Nosa Señora do Faro,
sempre no alto te ves;
hei de ir alá, miña Virxen,
que quero bicarche os pés.

14

Nosa Señora do Faro
está sentada na súa porta
para recibir aos romeiros
que veñen rubindo a costa.

15

Nosa Señora do Faro
ten a pipa no valado,
veu o bon de San Xosé
e tiróulle a pipa embaixo.

16

Nosa Señora do Faro
ten o liño na ventana;
correde alá, rapaciñas,
que se lle perde a bagaña.

17

Nosa Señora de Faro
ten un corral de galiñas,
e ten un galo no medio
que canta ás maravillas.

18

Nosa Señora do Faro,
Virxe pequerrecha e branca,
que tes a ermida no monte
onde o paxariño canta.

19

Nós somos os de Requeixo,
non o podemos negar,
que cando vimos do Faro
nótasenos no cantar.

20

O día oito do setembro
é un día moi sinalado,
que é o día da millor festa
na capilliña do Faro.

21

Nosa Señora do Faro,
vámola ver, que se mata,
que perdéu o seu rosario
con seis medallas de prata.

22

O día oito do setembro
eche un día moi nombrado,
que é o día que se celebra
a millor festa do Faro.

23

¿Quén é aquela señora
que vai por a carrasqueira?
É Nosa Señora do Faro
que vai ver á de Ferreira.

24

Veñen rapaces e vellas
alá por a costa arriba,
xa rezándolle de lonxe
a Dios-te-salve-María.

VII. CONSIDERACIÓNS SOBRE A ROMAXE DO FARO

O Faro, como vimos, revelanos por medio de lendas unha sucesión de eventos ligados có ente sacro, que patentiza a súa presenza nesta comunidade. Hai, por tanto, unha ligazón entre a comunidade e o ser sobrenatural, entre o humano e o sagrado. Agora ben, pode suceder, como é o caso deste santuario, que o lugar de encontro sexa fonte de conflitos entre varias comunidades. E isto está reflectido nas lendas de Camba e Oseira con respecto á comunidade de Requeixo.

Cómpre dicir que o sentido de posesión non se fundamenta, dun xeito preferente, no valor artístico e pecuniario da imaxe, senón no poder que posúe por si mesma e para a comunidade propietaria en canto que constitue un importante símbolo de referencia e identidade.

Así mesmo, a imaxe atopada resístese, como vimos, a ser levada ós lugares de culto xa institucionalizados. Ten que ser a comunidade a que se traslade ó lugar de hallazgo para celebrar o encontro e non a inversa. Este encontro implica –segundo Honorario Velasco– unha modificación ocasional do espazo, mediante rituais; e, logo, dun modo permanente, por medio do santuario. Polo tanto, queda mostrada a profunda transformación que a constitución dun símbolo implica. Non embargantes, un símbolo sagrado non é nunca individual ou privado, e a historia de construción de todo espazo sagrado é unha historia de socialización do símbolo.

Por outra banda, o santuario non só manifesta a vivencia da identidade da comunidade na que se localiza, senón tamén o sentido de apertura que lle dá a gran devoción, que sinten outras comunidades de toda Galicia, mais, dun xeito preferente, as provincias de Lugo e Pontevedra, de onde proceden miles de romeiros. Este nivel de asistencia á romaxe débese a súa sona que tivo o santuario, desde sempre, por toda Galicia –pero máis nos concellos de Lugo e Pontevedra– debido ós portentos que se difunden entre os romeiros. Sen milagros non hai posibilidade de crear devoción. Estes son a manifestación do poder da imaxen., que actúa como mediadora ante Deus, chegando a posuír todo o seu poder sobrenatural. Así, segundo Joan Prat, as imaxes son as que gozan de gracia, virtude e favor. De aí, que os romeiros teñan coa entidade sacra un importante código comunicativo destiñado a acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento por un favor outorgado. Esta comunicación queda reflectida nunha serie de promesas. Algunhas de carácter oficialista, como, oír misa e participar na procesión. Outras, pola contra, de raiz popular, como, calquera ritual de contacto coa Virxe ou os rituais que se levan a cabo nas fontes ligadas ó santuario.

Non embargantes, hai romeiros que denantes de entrar en contacto coa advocación mariana se purifican realizando actos penitencias propiciadores da graza divina. Así, neste santuario, manifestanse signos ligados coa penitencia, como vir caminando dende o lugar de orixe dos devotos, e subir a costa da Virxe de pé, calzados ou descalzos, e de xeonllos. O camiñar constitue a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. Pola contra, andar de xeonllos constitue unha forma de mortificación física que cada vez se leva a cabo menos debido ás consecuencias negativas que pode ter esta práctica para o organismo humano.

Por outra banda, segundo Alberto Galván, os significados da romaxe tenden á aglutinarse en dous polos semánticos opostos: un, o ideolóxico ou normativo, polo cal os significados do ritual tenden a referirse a componentes da orde social e moral; e, o outro, o polo sensorial que fai referencia ós fenómenos e procesos que estimulan os desexos e emocións.

25

Vexo o Faro, vexo o Faro,
e tamén vexo o Farelo,
tamén vexo o Pico Sacro
e ademáis o Rodelo.

26

Quén me dera ir ao Ceo
e poder falar cos santos
e ver a Nosa Señora
amparadora de tantos.



*Na procesión
levanse a cabo
«as remudas».*

27

Se sal a Virxe do Faro
arredores da capilla
florece o toxo e a xesta
e hastra a noite faise día.



*Os devotos
pasan baixo
as andas da
Virxe.*



*Hai devotos que beben da
auga da fonte da Virxe e
levana para as súas casas.*

Polo tanto, toda romaxe presenta un elemento de cohesión e comunicación do grupo social; tamén, constitue un xeito de liberación da sensibilidade, xa que é o momento no se que se tolera a ruptura das normas e regras que presionan e reprimen a conducta dos membros dunha comunidade. O baile, o canto e maila música, desencadenan emocións; a bebida e a comida facilitan a comunicación. Estes trazos lévanos a apreciar como en toda festa hai un tránsito de cotía s situacións onde poden ter lugar a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO PRADO, J.M., 1996, *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*. Lugo, Deputación Provincial, páxs. 97-100.
- CARDESO LIÑARES, J., 1995, *Santuarios marianos de Galicia*. A Coruña, Ed. de Caixa Galicia, páxs. 115-125.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan José, 1989, *Guía para visitar los santuarios marianos*. V. II. Serie «María en los pueblos de España». Madrid, Ed. Encuentro, páxs. 160-165.
- COSTA CLAVELL, Xavier, 1980, *Bandolerismo, Romerías y jergas gallegas*. La Coruña, La Voz de Galicia, páxs. 147-161.
- FABIÁN NOGUEIRA, Vicente, 1774, *Historia cronológica del Faro*. Ms. en cuarto, Archivo Diocesano de Lugo.
- FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, 1988, *Romarías e Santuarios*. Vigo, Ed. Galaxia, páxs. 145-153.
- GALVÁN, Alberto, 1981, «Ritos, fiestas y creencias», en *Las Razas Humanas*, t. II. Barcelona, Compañía Internacional. Editora S.A.
- GARCÍA X.L., 1979, *Do Faro ó Miño*. Sada (A Coruña), Ed. do Castro.
- G. AMARELLE, Raquel; Taboada, Lucía e outros, 2005, *Santuarios con leyenda*. Galicia en guías, nº 13. A Coruña, La Voz de Galicia, páx. 48-52.
- GÓMEZ LEDO, A., 1953, *Cancioeiro da Nosa Sra^a do Faro*. Madrid.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M., 1997, *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo, Ed. Galaxia.
- GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLA, Ángel e outros, *Galicia en comarcas. Chantada e a Ulloa*. Vigo, Ed. Ir Indo, páxs. 21-27.
- GÓMEZ MONTERO, A., 1991, *Chantada. Corazón de Galicia*. León, Everest.
- VELASCO, Honorario M., 1989, «Las leyendas de hallazos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local», en *La Religiosidad Popular. II-Vida y muerte: La Imaginación Religiosa*. (Coords). C. Álvarez Santaló, María Jesús Buxó y S. Rodríguez Becerra. Barcelona, Anthropos, páx. 402.
- MARIÑO FERRO, X.R., 2003, *Santuarios mágicos de Galicia*. Vigo, Nigratrea, páxs. 53-57.
- PRAT I CARÓS, Joan, 1989, «Los santuarios marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía», en *La Religiosidad popular. III Hermandade, romerías Santuarios*. Barcelona, Anthropos, páxs. 211-253.
- RIELO CARBALLO, 1978, Nicanor. *A Romaxe do Faro*. Vigo, O Moucho, 56. Ed. trelas.
- RIELO CARBALLO, Nicanor, 1983, «Ermita do Faro», en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. V. Madrid, Ministerio de Cultura, Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, páxs. 331-332.
- RIELO CARBALLO, Nicanor, 1993, «La Romería de la Virgen del Faro», en *Narria. Estudios de artes y costumbres populares*. Universidad Autónoma de Madrid, núms. 63-64, páxs. 40-47.
- VAQUEIRO, Vitor, 1998, *Guía da Galiza Máxica*, Vigo, Ed. Galaxia, páxs. 281- 283.



*Mapa provincial de Lugo. Concello de Chantada.
Santuario de Nosa Señora do Faro (Requeixo - Chantada).
Autor: D. José Cancio Fernández*



Na romaxe do Faro hai postos de venda de diferentes obxectos e, tamén, pulperías.